



1. TRADUCE ESTE TEXTO. USA UN DICCIONARIO DE LATÍN SE O PRECISAS.

differre = nōn similis esse
hic *sg* : Tarquinius
ille *sg* : Servius



pūnīre

exsilium -ī *n* = locus extrā patriam
in + *acc* → 
sub + *abl*
sub hōc rēge = temporibus huius rēgis
hostilis -e < hostis
hī *pl* : improbī rēgēs
illī *pl* : bonī rēgēs
contemnere ↔ dēspicere
trīstis -e ↔ laetus
illūstris -e = quī in honōre est

REGNUM FVNESTVM (I)

Post Servium Tullium rēgnat in urbe Tarquinius Superbus, septimus rēx Rōmae. Ā Serviō Tarquinius longē differt: hic rēx apud cīvēs est in odiō, ille autem in honōre erat; hic bonōs cīvēs aut interficit aut pūnit aut in exsilium mittit 5 sine causā, ille vērō omnēs cīvēs cūrābat; bonī cīvēs igitur hunc rēgem timent, sed illum rēgem diligēbant et laudābant. Etiam familiae Serviī et Tarquiniū longē differunt inter sē: familia huius rēgis improba est, sed familia illius rēgis proba 10 erat; sub hōc rēge Rōma est urbs hostilis atque maesta, sub illō autem tūta atque tranquilla erat. Bonī et improbī rēgēs longē differunt inter sē: hī scelera parant, illī beneficia dant; senātōrēs hōs rēgēs contemnunt, at illōs monent et iuvant. Ita- 15 que fāma hōrum rēgum trīstis est, illōrum vērō illūstris. Sub hīs rēgibus bella multa sunt, sub illis autem pāx.

2. LE O SEGUINTE TEXTO E RESPONDE ÁS PREGUNTAS:

O EXÉRCITO ROMANO

Ao principio, o **servizo militar** afectaba a todos os cidadáns con propiedades e era obrigatorio, pero, despois dalgunhas derrotas, o cónsul **Mario** reformouno e converteuse nun exército permanente con **soldados profesionais**. O servizo militar obrigatorio era temporal e recrutábanse unicamente aos cidadáns romanos con propiedades, porque se consideraba que eran os únicos que tiñan motivos para defender Roma. Cando se fixo necesario agrandar os exércitos, deuse entrada aos plebeos sen propiedades e, a cambio, pagábaselles un soldo: de aí vén a palabra **soldado**. A partir dese momento, o exército foise profesionalizando, é dicir: en lugar de recrutar temporalmente a todos os cidadáns romanos, que se licenciaban cando acababa a guerra, formouse por soldados a soldo que seguían no exército de forma permanente.

O equipo dun lexionario incluía:



Gladius. Espada curta. Ata a Segunda Guerra Mundial, esta espada é a arma que máis mortes provocara.

Spatha ou espada longa que, ao final do imperio, substituíu á gladius. Na Idade Media as espadas faranse máis longas polas armaduras.

Pugio ou daga curta que era moi efectiva contra as cotas de malla.

Hasta. Lanza lixeira usada ao principio ata que foi substituída pola pilum.

Pilum. Lanza pesada que se usaba como xavelina (lanza deseñada para ser guindada).

Cota de malla ou **lorica hamata** ou armadura composta por pequenos aneis enlazados.

Lorica squamata ou armadura composta por escamas de metal.

Lorica segmentata ou armadura composta por bandas de ferro.

Scutum ou escudo curvo reforzado de metal no centro e nos bordos. Durante o período republicano era ovalado; en período imperial fíxose rectangular. Con unión de scutum se compoñía a formación de tartaruga ou **testudo**.

Galea ou casco imperial que substituíu ao casco simple de época republicana.

Túnica de la por baixo, pantalóns de la nas zonas frías e manto de la por encima.

Caligae ou sandalias pesadas, feitas con coiro.

Cingulum ou cinto de coiro con decoracións metálicas. Servía para protexer a ingua e para suxeitar a *gladius* e o *pugio*.

Os que se alistaban en lexión facíanlo para gañar un soldo que lles permitía saír da pobreza e polas terras que se entregaban aos veteranos despois das guerras. Vivían en campamentos amurallados que construían eles mesmos. Tiñan un plano en forma de cuadrícula, cunha vía principal de norte a sur chamada *cardo*, e outra de leste a oeste chamada *decumano*. Moitos campamentos convertéronse en cidades. O exército compoñíase de varias lexións baixo o mando dun cónsul. Estaba moi ben organizado despois das reformas do cónsul Mario. A cada lexión dirixíana un xeneral chamado *legado* que contaba coa axuda de varios oficiais chamados *tribunos*. Integrábana preto de 5.000 soldados de infantaría, divididos en grupos de 100 chamados *centurias*. Ademais contaba cunhas 300 unidades de *cabalería* e tropas *auxiliares* de apoio. En combate atacaban en formación pechada chamada de *tartaruga*, que lles permitía protexerse das frechas inimigas. Ademais, usaban máquinas de guerra para lanzar proxectís (como a bésta ou a catapulta) e para asediar unha fortaleza (como arietes ou torres de asalto).

PREGUNTAS DE COMPRENSIÓN DE TEXTO:

Que forzas aproximadas contaba unha lexión romana?

Por que se alistaban no exército romano?

Por que moitas cidades que fundaron os romanos, no seu centro teñen unha estrutura parecida á dos campamentos romanos?